

II TRIATLON  
**BOAMOFTE**

SAN XEN'17  
1 - OCTUBRO

DISTANCIA OLIMPICA SEN DRAFTING

CONCELLO DE  
SAN  
XEN  
XO



TEAMCORBELO



# REGULAMENTO II TRIATLÓN BOAMORTE-BIKES SANXENXO 2017

## 1.- ORGANIZAN:

---

CLUB CICLISTA CORBELO  
"TEAM CORBELO"  
Concello de Sanxenxo  
Email: [triatlonboamortebikes@gmail.com](mailto:triatlonboamortebikes@gmail.com)  
Persoa de contacto: Tomas Basdedios Martínez  
Teléfono: 669 847 619  
Federación Galega de Triatlón e Péntatlón Moderno  
Lodeco S.L.U.

## 2.- PATROCINAN:

---

Deputación de Pontevedra  
Concello de Sanxenxo  
Boamorte-Bikes

## 3.- COLABORAN:

---

Garda Civil  
Servizo de Emerxencias Sanxenxo  
Policía Local de Sanxenxo  
Protección Civil Caldas de Reis  
Protección Civil Poio  
Coca Cola - Powerade  
Secretaría Xeral para o Deporte

## 4.- DATA E HORARIOS DA CARREIRA:

---

Domingo 1 de outubro de 2017  
- 09:00 h. - Saída Masculina  
- 09:10 h. - Saída Feminina  
Hora de finalización da proba: 13:00 horas aprox.

#### 5.- DISTANCIA:

Distancia ESTÁNDAR DRAFTING NON PERMITIDO

1.5km de natación (en 2 voltas de 750m con saída á praia),

40km en bicicleta (dúas votas a un circuito de 20kms)

10km de carreira a pé (4 voltas a un circuito de 2,5km)

#### 6.- INSCRICIÓN:

**Do 1 de agosto ata o 26 de setembro ou esgotar inscricións**, unha vez pechado o prazo de inscrición, estas non admiten modificacións.

**Limitada a 350 participantes, outorgadas por riguroso orde de inscrición.**

##### **Prezos:**

30,00€ do 1 agosto ata o 31 de agosto.

37,00€ do 1 de setembro ata o 26 setembro.

##### **Procedemento de inscrición:**

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Fed. Galega de Triatlón no apartado "Competicións/regulamentos/Inscricións". O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria neste punto. <http://fegatri.org/probas-regulamento/>

##### **Federados:**

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

##### **Licenzas 1 día:**

Unha vez no apartado COMPETICIÓN picarase en REGULAMENTOS/INSCRICIÓN para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos. <http://fegatri.org/probas-regulamento/>

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria.

Custe licenza de 1 día de 12 € + 30€ ou 37€ de inscrición dependendo do prazo.

**\*Importante:** As inscricións só se formalizarán co pago das mesmas, é imprescindible, para que a inscrición sea válida, o envío do DNI en vigor a Federación Galega de Triatlón, [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com).

## 7.- BAIXAS E POLÍTICA DE DEVOLUCIÓNS

Ata o 31 de agosto devolveranse 15€

Dende o 1 de setembro ata o 20 de setembro devolveranse 10€

A partir do 21 de setembro NON HABERÁ DEVOLUCIÓNS

As baixas e solicitudes de devolución deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com).

As devolucións serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

## 8.- LISTA DE ESPERA:

No caso de cubrir as 350 prazas dispoñibles, a organización elaborará unha lista de espera por rigurosa entrada de solicitude que será actualizada para a súa consulta na [www.facebook.com/triatlonboamortebikes](http://www.facebook.com/triatlonboamortebikes).

Para se inscribir na lista de espera, unha vez esgotadas as prazas, bastará con enviar un email á dirección [triatlonboamortebikes@gmail.com](mailto:triatlonboamortebikes@gmail.com) con nome completo, DNI e club ao que pertence ou non federado, ademais de calquera outro dato de contacto relevante.

## 9.- TEMPOS DE CORTE:

- NATACIÓN: 50 minutos. Ás 10:00.

- CICLISMO: 140 minutos. Ás 11:30 o triatleta xa debe estar correndo.

Quen supere estes tempos de corte será retirado (ou retirada) da competición, non permitíndose seguir en carreira.



## 10.-CRONOMETRAXE:

Haberá cronometraxe electrónica Champion-chip. Cada participante que non teña CHIP AMARELO en propiedade terá que aboar unha fianza de 25€, **o día da proba, ao recoller o dorsal**, dos cales lle serán devoltos 23 ao finalizar a proba e devolver o chip (2€ aluguer do chip) ou ben poderá quedarse co chip en propiedade co cal poderá participar en calquera proba de triatlón ou atletismo organizada co sistema de cronometraxe Champion-chip.

### 11.- SAÍDA, TRANSIÇÕES E META:

---

**Saída.-** na praia de Baltar (Portonovo)

**Transicións.-** situadas na zona do porto deportivo de Portonovo, entre a Praia de Baltar e a zona portuaria de Portonovo.

### 12.- RECOGIDA DE DORSALES:

---

- Na zona de transición de 18:30 h. a 20:30 h do día 31 de agosto.
- Na zona de transición de 07:15 a 08:15 o mesmo día 1 de outubro.

### 13.- REUNIÓN TÉCNICA:

---

Ás 08:15h do día 1 de outubro na zona de transición.

### 14.- CONTROL DE MATERIAL:

---

Na área de transición de 07:15 a 08:45 o día da proba (1 de outubro)

### 15.- CATEGORÍAS:

---

ABSOLUTA  
JUNIOR  
SUB 23  
VETERAN1, 2 e 3

### 16.- PREMIOS:

---

- Trofeos ou medallas para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría
- Premios económicos:
  - 1º clasificados absolutos masculino e feminino 300 €
  - 2º clasificados absolutos masculino e feminino 200 €
  - 3º clasificados absolutos masculino e feminino 100 €

Tódolos participantes recibirán regalo conmemorativo da proba.

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"

## 17.- NORMAS DE COMPETICIÓN

A carreira rexerase segundo a normativa vixente no “Regulamento Oficial de Competición” da Federación Española de Triatlón e as normativas vixentes da Federación Galega de Triatlón.

<http://triatlon.org/triweb/wp-content/uploads/2017/07/Circular.11.17.Competiciones.Modificacion-Reglamento-de-Competiciones.pdf>

### **Norma “No drafting”**

No sector ciclista prohíbese ir a roda de outro corredor, así como rodar en pelotón. (art.5.5 e art.3 do Regulamento Oficial de Competición).

### **Norma anti-residuos**

Tódolos envases, bidóns de ciclismo, botellas, latas, papeis, etc. deberán ser depositados nos avituallamentos habilitados dando cumprimento ao Regulamento Oficial de Competición.

